

A graxa do coiro cabeludo ademais de dar brillo ao cabelo, cobre a súa superficie ou cutícula, evitando a perda de humidade interna. Pero cando hai exceso de graxa atrae o po, polo que o pelo vese sucio e opaco. Un bo champú debe ser capaz de retirar o exceso de graxa deixando xusto a necesaria para que o cabelo non se deshidrate.

O uso dun xampú acedo provoca a ruptura das pontes de hidróxeno e as pontes salinas pero non os enlaces disulfuro, de forma que a estrutura do pelo mantense ordenada e reflicte a luz de xeito uniforme, polo que parece brillante. Pero se o xampú é lixeiramente alcalino os enlaces rompen, a superficie externa do cabelo vólvese áspera e isto impide que a luz se reflícta uniformemente nela, polo que o cabelo vese opaco. O caso máis extremo sería o dun produto de pH moi básico, próximo a 12, que provocaría que o pelo rompa drasticamente. Isto ocorre nas cremas depiladoras.